

ASUNTO: corrección erros transcripción en nomeamento tribunal do proceso selectivo oficial 1º cultura (relevista)

Visto o informe da Técnico de Administración Xeral de data 26 de setembro do 2018.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Proceder a corrección de erros de transcripción conforme ó artigo 108.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común na resolución da alcaldía de data 28 de agosto do 2018 na que se nomea ó tribunal cualificador para o proceso selectivo DUN/HA OFICIAL 1ª ADSCRITO /A AO SERVIZO DE CULTURA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL Ó 50% DA XORNADA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO DE RELEVO VINCULACIÓN Á XUBILACIÓN PARCIAL DE DON JOSE MANUEL GALLEGO FELIPEZ de modo que onde dicía:

“Vogais: Don Carlos Rodríguez Fernández, Don Juan Carlos Prado Díaz e Don Manuel López López. (Funcionarios/Persoal Laboral Fixo do Concello de Monforte).”

Pase a dicir:

“Vogais: Don Carlos Rodríguez Fernández, Don Juan Carlos Prado Díaz e Don Manuel López Fernández. (Funcionarios/Persoal Laboral Fixo do Concello de Monforte).”

SEGUNDO.- En aras da máxima transparencia e do intento de garantir en todo caso os dereitos dos posibles aspirantes as prazas que nos ocupan, unha vez acordada a corrección de erros que nos ocupa publicárase a resolución que a acorda e o informe que a motiva na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

